

## CONDICIÓN S QUE DEBE REUNIR O ALUMNADO QUE SOLICITE A COMPENSACIÓN E NON REÚNA OS REQUISITOS PARA OBTEN ER O APTO POR COMPENSACIÓN DA(S) MATERIA(S) DE XEITO AUTOMÁTICO

(Criterios aprobados na Comisión de Compensación

do día 13 de xuño de 2023) \*

O alumnado que solicite a compensación e non reúna os requisitos para obter o apto por compensación da(s) materia(s) de xeito automático deberá cumprir cando menos dous dos seguintes cinco requisitos:

1. Obter cando menos 3 puntos na cualificación global da materia para a que solicita a compensación.
2. Obter cando menos unha nota de 6 puntos nunha materia afín da mesma área para a que solicita a compensación.
3. Que do informe do profesorado responsable da(s) materia(s) para a que se solicita a compensación se desprenda a realización, por parte da persoa solicitante, de todas as probas que conforman a avaliación continua e a asistencia regular da mesma ás sesións teóricas e prácticas ou, no caso de optar pola modalidade de avaliación global, obter a cualificación de aprobado cando menos nunha das dúas partes, teórica ou práctica.
4. Que a materia(s) para a que se solicita a compensación non teña unha taxa de éxito superior en máis dun 10% á media das dúas materias con menor taxa de éxito do último curso para o que se dispoña de datos publicados.
5. Que nas diferentes oportunidades de avaliación se constante unha evolución ascendente nas cualificacións obtidas.

---

\* As actas da Comisión de Compensación non se farán públicas de conformidade coas prevencións da L.O. 3/2018, de 5 de decembro.